

Acordo do 21 de abril de 2023 da Xefatura Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, nos concellos de Malpica de Bergantiños e Ponteceso (expediente IN407A 2021/215-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Regulamentación BRT803-Apoios 115-28 ó 115-35, nos concellos de Malpica e Ponteceso (expediente IN407A 2021/215-1), por resolución desta xefatura territorial, do 16 de marzo de 2023, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña. Esta xefatura territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar os días **17** (no concello de Malpica de Bergantiños) e **18** (no concello de Ponteceso) **de xullo de 2023** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos dos concellos de Malpica de Bergantiños e Ponteceso, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 01.08.2022, no BOP do 14.07.2022 e no xornal *La Voz de Galicia* do 25.07.2022, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas das casas consistoriais dos ditos concellos.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, na data da sinatura electrónica



Xefatura Territorial
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
www.cei.xunta.gal



RELACIÓN DE PROPIETARIOS BENS
E DEREITOS AFECTADOS

Expte. nº IN407A 2021/215-1
PROVINCIA: A Coruña

CONCELLO:

MALPICA DE BERGANTIÑOS
DATA: 17/07/2023

REGLAMENTACIÓN BRT803-APOYOS 115-28 AL 115-35

Abreviacións: ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais; ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais; m² aé: superficie de servidume aérea en m²; m² sot: superficie de servidume soterrada en m².

Nº de Finca	Datos Catastrais		Paraxe	Cultivo	Titularidade proposta	Afección de solo en pleno dominio		Data	Hora
	Pol.	Parc.				Apoio nº	m²		
2	13	42	Chousas Novas	Rústico. Agrario. Piñeiral Maderable	Jose Castro Castro	115-29	2	17/07/23	10:30
3	13	43	Chousas Novas	Rústico. Agrario. Prados o Praderas	Jose Castro Castro	115-30	2	17/07/23	11:00
4	13	8	Chousas Novas	Rústico. Agrario. Prados o Praderas	Jose Castro Castro	115-31	2	17/07/23	11:30

RELACIÓN DE PROPIETARIOS BENS
E DEREITOS AFECTADOS

Expte. nº IN407A 2021/215-1
PROVINCIA: A Coruña

CONCELLO: PONTECESO
DATA: 18/07/2023

REGLAMENTACIÓN BRT803-APOYOS 115-28 AL 115-35

Nº de Finca	Datos Catastrais		Paraxe	Cultivo	Titularidade proposta	Afección de solo en pleno dominio		Data	Hora
	Pol.	Parc.				Apoio nº	m²		
5	60	261	Redondas	Rústico. Agrario. Labor o labradío secoano	Jose Castro Castro	115-32 115-33	16	18/07/23	10:30
6	504	100	Aro	Rústico. Agrario. Labor o labradío secoano	Descoñecida	115-34	2	18/07/23	11:00
7	504	88	Fontes	Rústico. Agrario. Labor o labradío secoano	Jaime Castro Cotelo	115-35	2	18/07/23	11:30